XUNTA DE GALICIA

Anexo: Memoria de alegacións ao Plan Director do Sector da Construción Naval.

1. ANTECEDENTES

O 1 de xaneiro de 2024 entrou en vigor a Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, publicada no Diario Oficial de Galicia do 29 de decembro de 2023. Esta lei introduciu unha serie de modificacións no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Entre estas modificacións, a nova redacción ao artigo 60 do dito texto refundido establece que a planificación da política industrial galega plasmarase nunha estratexia de política industrial que se baseará nos seguintes instrumentos:

a) Os plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) O Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais.

De acordo co anterior, e co resto da regulación prevista no dito texto refundido en relación aos plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia: construción naval, automoción, industria das TIC, metalmecánico, forestal-madeira e loxística. Así, estes sectores contarían con plans directores industriais específicos que servirían como folla de ruta, integrando as medidas, os mecanismos e os recursos necesarios para o seu impulso e, en xeral, para o desenvolvemento do territorio.

O obxectivo destes documentos é fortalecer o sector industrial en Galicia, co fin de incrementar o emprego de calidade e o investimento, reforzando así todo o tecido empresarial e as sinerxías sectoriais e/ou intersectoriais.

En relación ao sector da construción naval, dende a dita declaración, a Consellería de Economía e Industria desenvolveu as actuacións previstas no referido texto refundido, co fin de elaborar un anteproxecto do plan director, proceso no que se deu participación ao sector privado e aos representantes dos traballadores, promovéndose igualmente a colaboración co resto de entes, organismos e institucións públicas e privadas relacionados coa actividade industrial.

CVE: esmZlDbSgvD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Logo da dita participación, o 19 de xullo de 2024 a Consellería de Economía e Industria remitiu ás entidades participantes o resultado dos traballos realizados, xuntando o anteproxecto de Plan Director do sector da construción naval, co fin de que puidesen remitir achegas ou observacións, para a súa consideración e, de ser o caso, incorporación ao anteproxecto, previamente á petición do informe ao Consello Galego de Economía e Competitividade, prevista no artigo 65.5 do TRDLPI.

A través do proceso de participación dos axentes implicados na industria da construción naval de Galicia búscase, non só reflectir as preocupacións e intereses das empresas e organismos públicos, senón tamén fortalecer a visión compartida para lograr un sector da construción naval máis competitivo, sustentable e adaptado ás novas esixencias do mercado e ás demandas tecnolóxicas. A participación activa de entidades galegas nesta fase de planificación subliña o compromiso coa transformación e innovación da industria, asegurando así que o Plan Director da Construción Naval conte coas mellores prácticas e recomendacións para impulsar o desenvolvemento económico e social de Galicia.

2. OBXECTO

Este documento recolle a análise das propostas e suxestións realizadas por diversas entidades do tecido público e empresarial de Galicia á Xunta de Galicia en relación ao anteproxecto do Plan Director da Construción Naval que lles foi remitido o 19 de xullo de 2024, no marco da estratexia de diálogo e colaboración que permite que todos os axentes implicados na industria da construción naval en Galicia poidan participar activamente no deseño de estratexias que definirán o futuro deste sector clave para a economía galega.

3. ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS

De seguido, enuméranse as diferentes alegacións que teñen que ver total ou parcialmente co anteproxecto do Plan Director, mantendo a literalidade e o idioma no que foron recibidas, así como as observacións relativas a cada unha delas e, de ser o caso, a proposta de modificación no anteproxecto do Plan Director ao que deu lugar:

CVE: esmZIDbSgvD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego			
Nº	**Alegación**	**Consideración**	**Observacións**
1	"Na páxina 65-66, no P.1 Atracción do talento, propoñemos engadir referencias a outras vías de atracción do talento e referenciando que se adopta unha definición amplia de "talento" abranguendo perfís profesionais que representan un reto significativo para os mercados laborais e isto incluiría por tanto a profesións que se enfrentan a unha escaseza de man de obra ou que non teñen reemplazo asegurado, como a perfís de alta cualificación que requiren habilidades especializadas. Consideramos que se podería completar este apartado con referencia a vías de atracción do talento como, ademais da sinalada do proxecto de arraigo para a formación, a vías como o programa Retorna Cualifica Emprego dentro da Estratexia Galicia Retorna, que está pendente de iniciarse unha nova edición e que ten sido reformulado na súa xestión pero non na súa finalidade que é a de posibilitar o traslado a Galicia de persoas de ascendencia galega que desexen vir a traballar a Galicia."	Aceptada	O programa Retorna Cualifica Emprego está incluído no Plan, facendo referencia á súa importancia e detallando os seus requisitos
2	"Na páxina 67, na prioridade P.5, cítanse os convenios para a formación de traballadores .Ficha P5.4: se ben aparece citado, logo no apartado de medidas non aparece reflectida."	Aceptada	Os convenios para a formación de persoas traballadoras aparecen citados tanto nas prioridades como no apartado de medidas

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)			
Nº	**Alegación**	**Consideración**	**Observacións**
3	"Dende a CEG recomendamos non citar entidades privadas concretas nos plans directores ou, en caso de facelo, incluír todo o ecosistema existente da industria naval galega, engadindo un texto que mencionan." - Asime, como patronal e clúster da industria do metal e tecnoloxías asociadas, aglutina a más de 270 empresas de toda a cadea de valor da industria naval, incluíndo estaleiros, industria auxiliar, armadores, portos, centros tecnolóxicos e universidades, que dan resposta a tódalas actividades desta industria, dende a construción e	Aceptada parcialmente	En diversas epígrafes do Plan inclúese a mención ás dúas entidades (Asime, ACLUNAGA). Non obstante, non se considera acaído facer referencia a eventos ou proxectos concretos.

CVE: esmZlDbSgvD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)			
Nº	**Alegación**	**Consideración**	**Observacións**
	reparación naval, ata a produción de estruturas e servizos para a eólica mariña. - Asime desenvolve para esta industria diversas liñas de actuación, con especial traxectoria e recoñecemento en materia de formación, comercio exterior como organismo intermedio, ou innovación, sendo recoñecida como Agrupación Empresarial Innovadora. - INFABHUB é o Hub de Innovación Dixital para a transformación nos procesos de fabricación, unha iniciativa transfronteriza para a Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal impulsada por Asime, que é membro fundador, xunto cunha extensa red de colaboradores a ambos lados da fronteira, nos que a industria naval é unha das súas cadeas de valor prioritarias. Conta co selo de excelencia da Unión Europa e é membro da Rede Europa de DIHs. - MATES é un proxecto europeo, no que participan 15 socios, entre os que se encontran Asime e outros socios galegos. O obxectivo de MATES foi o desenvolvemento dunha estratexia de competencias que aborde os principais motores do cambio na industria marítima, en particular a construción naval e as enerxías renovables offshore. Ambos sectores están fortemente vinculados e requiren novas capacidades para ter éxito nunha economía cada vez máis dixital, verde e impulsada polo coñecemento. FLORES é un proxecto europeo, no que participan un total de 15 socios de 8 países, entre eles Asime e outros socios galegos, para promover unha "Visión de futuro nas Enerxías Renovables Mariñas". Dentro de Flores estanse a desenvolver ferramentas e actividades para potenciar a formación no sector, contribuíndo así ao Pacto Europeo de Competencias. AOWINDE representa unha iniciativa esencial que busca transformar a industria da enerxía eólica offshore na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. Este proxecto desenvólvese en resposta ao Plan Industrial Europeo Green Deal e conta co apoio da Unión Europea e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Aowinde		

CVE: esmZlDbSgvD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)			
Nº	**Alegación**	**Consideración**	**Observacións**
	comprométese a impulsar o desenvolvemento sostible e a competitividade na rexión, promovendo a xeración de enerxía limpa e sostible. Trátase dun proxecto liderado por Asime, no que participan a Xunta de Galicia e outros sete socios portugueses e galegos. Bahía H2 é un proxecto impulsado polo Super Cluster Atlantic Wind (SAW)e que conta con Asime entre os seus socios. O obxectivo deste proxecto, que comezou en xuño de 2023 e que segue avanzando a nivel técnico, é desenvolver un sistema pioneiro que utilice a electricidade xerada polos parques eólicos mariños para transformala en hidróxeno e amoníaco renovables. No apartado Enerxía e industria eólica offshore: - A industria naval galega conta cunha enorme diversificación que lle permite dar resposta a todas as necesidades da eólica mariña, dende a cimentación ata os servizos ou barcos de apoio. Este é un vector en auxe que está a ser impulsado dende o ano 2013 polo Galician Offshore Energy Group de Asime GOE-Asime), con 53 empresas e institucións integradas que xa traballan directamente para parques eólicos mariños en todo o mundo e que executan actuacións conxuntas para promover negocio neste segmento. Así, Galicia conta co congreso internacional GOinterHUB, que vai pola sétima edición e reúne en cada edición en Ferrol a máis de 500 axentes fundamentais da eólica mariña a nivel nacional e internacional.		
4	"Nos apartados onde se mencione a entidades relevantes para o sector: De igual maneira que en certas materias se nomean a círculos e asociacións de empresarios concretas, rogamos se teña en conta o papel relevante da CEG como unha das entidades clave involucradas nas medidas deste plan director."	Aceptada	A CEG aparece nomeada como entidade clave para o sector e tamén como integrante da Mesa de Diálogo Social.
5	"No relativo á convocatoria de axudas que deriven do plan director, entendemos que deben adxudicarse a empresas en base a CNAEs que reflictan a realidade do sector, sen deixar fóra a empresas que na práctica traballan principalmente para esta actividade. Para iso, recomendamos	Valorada, pero non se corresponde cunha proposta	No Plan Director non se fixan os criterios concretos a incluír nas bases das axudas, que deben ser elaboradas

CVE: esmZlDbSgvD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)			
Nº	**Alegación**	**Consideración**	**Observacións**
	que se teñan en conta os seguintes CNAEs (24,25,27,28,30,71) relevantes para o plan naval ou, alternativamente, que se articulen as axudas facendo en cada caso un estudo pormenorizado dos CNAEs aplicables.”	que deba ser incorporada ao Plan Director	por cada centro directivo da Administración autonómica. En todo caso, cómpre salientar que, en xeral, as convocatorias de axudas non teñen carácter restritivo a nivel sectorial. Agora ben, nos casos nos que as convocatorias de axudas se dirixan unicamente ao sector da construción naval, buscaranse as mellores fórmulas para que todas as empresas que forman parte del poidan resultar beneficiarias das axudas.
6	“De cara as futuras medidas que se atopen dentro do plan director. Chamamos a que se teñan en conta a todos os clústeres e asociacións empresariais que forman parte da cadea de valor, así como as empresas que na práctica traballan de xeito relevante para esta actividade. Esta é a única forma de garantir unha representación completa dos axentes protagonistas e das necesidades específicas de cada área contemplada nestes plans. A participación activa destes grupos é esencial para garantir que as políticas e accións propostas respondan de maneira adecuada e efectiva ás realidades do sector.”	Valorada, pero non se corresponde cunha proposta que deba ser incorporada ao Plan Director	Tal e como establece a normativa vixente, na redacción do anteproxecto do plan director deuse participación ao sector privado e aos representantes dos traballadores, promovéndose igualmente a colaboración co resto de entes, organismos e institucións públicas e privadas relacionados coa actividade industrial, sen prexuízo de que o clúster ACLUNAGA tivese unha participación máis directa, ao ser o axente especificamente dirixido a este sector. En todo caso, a

CVE: esmZlDbSgvD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)			
Nº	**Alegación**	**Consideración**	**Observacións**
			nova gobernanza dos Plans directores contempla un sistema de traballo colaborativo (comisións sectoriais) onde vai participar o tecido industrial, e coordinado con outros departamentos da Xunta de Galicia.
7	"No eido do Fortalecemento do Diálogo Social co Sector– Medida G1.2 aínda que entendemos que a CEG como organización empresarial máis representativa de Galicia figurará como parte activa da devandita medida, para maior clarificación debería modificarse a redacción para referirse a "organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia" pois estase a referir á Mesa do Diálogo social."	Aceptada	Na definición da devandita Medida G1.2, a redacción foi adaptada para facer partícipe da definición ás organización empresariais e sindicais.
8	"Finalmente, observamos que moitas das medidas propostas no borrador son mencionadas de maneira xeral, sen unha desagregación detallada. Esta falta de información específica impídenos avaliar adecuadamente as medidas, así como identificar os posibles participantes e beneficiarios. Un maior nivel de detalle na descrición das medidas sería altamente beneficioso para facilitar unha valoración exhaustiva e precisa, e para asegurar a eficacia na posta en marcha destas medidas."	Aceptada	A proposta remitida incluía medidas que estaban actualmente en marcha e outras que estaban por definir. No documento definitivo, inclúese xa toda a información dispoñible das medidas, xunto coa dotación económica, o que permite, na medida do posible, identificar de xeito preciso tanto ás persoas beneficiarias como outros datos de interese.

CVE: esmZlDbSgvD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA

4. CONCLUSIÓNS

De acordo co exposto, unha vez valoradas as diferentes alegacións recibidas que teñen que ver total ou parcialmente co anteproxecto do Plan Director da Construción Naval, incorporándose ao texto aquelas modificacións que se consideran acaídas, así como o proceso participativo previo iniciado desde o comezo da elaboración do anteproxecto do Plan Director do sector da Construción Naval, dáse resposta á previsión legal establecida no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, en relación á participación do sector privado e dos representantes dos traballadores, e promovendo a colaboración co resto de entes, organismos e institucións públicas e privadas relacionados coa actividade industrial na elaboración do anteproxecto do plan director.

Asinado por: ARDAO RODRIGUEZ, MARGARITA
Cargo: Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial
Data e hora: 10/12/2024 11:54:25

CVE: esmZlDbSgvD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve